

## NOTA DE PRENSA

---

### Proxección do documental “Excluidas del paraíso”

Actividade complementaria dos Clubs de Lectura do MARCO e da Biblioteca Pública Municipal Xosé Neira Vilas

Organiza: Biblioteca-Centro de Documentación MARCO e Biblioteca Pública Municipal Xosé Neira Vilas

**Martes 5 marzo, de 19.00 a 20.30**

MARCO, salón de actos

Aberto ao público en xeral. ENTRADA LIBRE ata completar capacidade

Posibilidade de reserva de praza para participantes Club de Lectura #BiblioMARCO, Club Lectura Biblioteca Pública Municipal Xosé Neira Vilas, e AAM Agrupación Amiga do MARCO (previa acreditación).

Reservas do 27 de febreiro ao 4 de marzo en [centro.documentacion@marcovigo.com](mailto:centro.documentacion@marcovigo.com) indicando nome e apelidos, ou no tel. 886 129 426.



Coincidiendo coa **semana do 8M**, e como **actividade complementaria** da novela elixida conxuntamente para os seus **clubs de lectura** no mes de marzo –*La escritora*, de Auður Ava Ólafsdóttir (Alfaguara, 2021)– a **Biblioteca-Centro de documentación do MARCO** e a **Biblioteca Pública Municipal Xosé Neira Vilas** organizan a proxección do filme documental *Excluidas del paraíso*, dirixida por **Esther Pérez de Eulate**, e co-escrita por Esther Pérez de Eulate e **Paula de la Fuente Latorre**.

En pleno século XXI, que mecanismos reproduce e perpetúa o patriarcado? A través de voces de relevantes pensadoras feministas, o documental intenta responder a esta pregunta, e pon ao descuberto algunhas das formas de opresión do sistema patriarcal que persisten en occidente hoxe en día, en particular na sociedade española.

TRAILER <https://excluidasdelparaíso.wordpress.com/>

## Sobre o filme

---

*Excluidas del paraíso* (España, 2016)

Dirixida por Esther Pérez de Eulate e co-escrita por Esther Pérez de Eulate e Paula de la Fuente Latorre

Duración: 1 h. 16 min.

Sinopse:

En pleno século XXI, que mecanismos reproduce e perpetúa o patriarcado? A través de voces de relevantes pensadoras feministas, o documental intenta responder a esta pregunta, e pon ao descuberto algunhas das formas de opresión do sistema patriarcal que persisten en occidente hoxe en día, en particular na sociedade española.

Coa participación das pensadoras feministas Ana de Miguel, Ochy Cueril, Pablo Llamas, Pilar Aguilar, Remedios Zafra, Rosa Cobo, Soledad Murillo y Yayo Herrero, o propósito é contar cun instrumento para visibilizar como o machismo impregna todas as áreas da nosa vida. O documental artículase en dous niveis de narración: un teórico –mediante entrevistas coas autoras arriba citadas– e outro visual, a través de imaxes aparecidas nos medios que reafirman a ideoloxía do patriarcado. A idea é dotar de discurso crítico as imaxes que consumimos diariamente e que sustentan a desigualdade. O tratamento é ameno, creativo, e ao mesmo tempo non exento de rigor.

+ INFO en <https://excluidasdelparaíso.wordpress.com/>

---

### Contacto Dpto. Comunicación e prensa

Marta Viana Tomé

Príncipe 54 - 36202 Vigo

Tel. +34 986 113900 ext. 308 / 886 129061

[comunicacion@marcovigo.com](mailto:comunicacion@marcovigo.com)